

## A terapia con cabalos mellora a socialización das persoas con autismo.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 13 Xaneiro 2016 19:52

---



A investigadora Sonia Bouzo (U. de Vigo) analizou na súa tese os beneficios da equitación terapéutica.

O estudo que realizou con nenos e adolescentes constatou tamén melloras no seu desenvolvemento motor.

Permiten mellorar a coordinación e o equilibrio, ao tempo que contribúen á normalización do ton muscular, pero tamén axudan a mellorar a comunicación e as capacidades de atención e socialización. Son múltiples os beneficios, tanto no plano físico coma no psicolóxico, que as persoas con autismo poden atopar naquelas terapias que teñen nos cabalos a súa base, como vén de demostrar a investigadora Sonia Bouzo na súa tese de doutoramento. O estudo de caso que realizou cun grupo de cinco nenos a adolescentes diagnosticados de Trastorno do Espectro Autista (TEA), que antes de iniciar a terapia nunca montaran a cabalo, permitiu a esta investigadora comprobar os "moitos beneficios inmediatos" que a equinoterapia supón tanto para o seu desenvolvemento psicomotor, como emocional e comunicativo.

Realizada coa profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Margarita Pino como directora, a tese Os beneficios da hipoterapia e a equitación terapéutica con persoas autistas. Un estudo de caso recolle e avalía os resultados da terapia levada a cabo durante nove meses con cinco nenos e mozos con autismo nas instalacións do Club Hípico Vilamarín

## **A terapia con cabalos mellora a socialización das persoas con autismo.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 13 Xaneiro 2016 19:52

---

(Ourense). "Trátase dun estudo descritivo e de corte cualitativo, no que as técnicas de rexistro foron a observación, un cuestionario e un diario de campo", explica Bouzo, que ao longo deste período foi estudando a evolución destas cinco persoas, que acudían a unha sesión semanal e coas que, "segundo o grao de autonomía que ían adquirindo, íamos cambiando o tipo de terapia".

Neste senso, a intervención realizada abrangue o uso de diferentes técnicas dentro da chamada equinoterapia, termo que agrupa os diferentes tratamentos baseados no uso do cabalo, como a monta terapéutica, a equitación adaptada ou a hipoterapia, "unha área de intervención que utiliza o cabalo dentro dunha abordaxe interdisciplinar, tanto nos planos da saúde e o deporte, como na busca do benestar físico, psíquico e social das persoas con necesidades educativas especiais", como explica Bouzo. Trátase pois dun tratamento que vai máis aló de montar a cabalo e que esta investigadora levou a cabo cun equipo interdisciplinar, xunto a monitores de equitación e unha fisioterapeuta, coa idea de determinar "a eficacia e eficiencia dun programa de intervención educativa con nenos e adolescentes que sofren autismo".

### **Mellora da musculatura e redución das estereotipias**

"A conclusión máis evidente do estudo", salienta Bouzo, é que se trata dunha "terapia que reporta moitos beneficios inmediatos para calquera persoa". A este respecto, a investigadora destaca que os cinco participantes neste estudo experimentaron, tras 32 sesións, unha mellora do seu equilibrio e fortaleceron a súa musculatura, ao tempo que viron reducidas as estereotipias, a repetición dun movemento de maneira automática e inconsciente. Nese senso, Bouzo sinala que "os exercicios a lombos do cabalo proporcionan un alto grao de relaxación muscular, favorecendo a flexibilidade e mellorando o estado físico en xeral", ao tempo que contribúen "á normalización do deficitario ton muscular, a mellora da coordinación, reflexos e planificación motora, así como a reducir os patróns de movementos anormais e mellorar o equilibrio".

### **A vontade de compartir a experiencia**

Máis aló das melloras musculares, "este estudo demostrou que o contacto co cabalo proporciona múltiples sensacións que inflúen positivamente na comunicación social dos pacientes con TEA, demostrando que a hipoterapia pode ser considerada como unha terapia integral, que tamén achega beneficios na área psicolóxica". Neste punto, a investigadora salienta a súa contribución ao desenvolvemento emocional e comunicativo, xa que "favorece a mellora da autoestima, o autocontrol das emocións e o desenvolvemento de sentimentos de normalidade e autoconfianza", ao tempo que incrementa as habilidades comunicativas, tanto verbais como xestuais.

## **A terapia con cabalos mellora a socialización das persoas con autismo.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 13 Xaneiro 2016 19:52

---

Bouzo sinala que a terapia realizada permitiu acadar aos participantes "melloras visibles na súa capacidade de proximidade con outros suxeitos da súa idade". De feito, ao principio da terapia resultaba difícil que estes nenos e adolescentes "mantiveran un contacto visual cos profesionais que traballaban con eles, pero a medida que avanzaba o programa todos eles melloraron a súa atención e comprensión das indicacións dos terapeutas, e participaron con interese na maioría das actividades". Nese senso, a investigadora salienta como "especialmente significativa" a mellora experimentada no tocante "á intención de compartir a súa experiencia", así como os "lazos de amizade creados cos seus compañeiros e instrutores". Ademais, Bouzo pon de relevo tamén a contribución deste tratamento á mellora das "capacidades de atención e memorización", así como ao aumento do vocabulario.

### **Un complemento a outras terapias**

Por todos estes motivos, Bouzo lamenta que a pesares de que "os beneficios da equinoterapia veñen sendo estudados desta antigüidade", esta non sexa unha técnica moi difundida. Nese senso, admite que "ao igual resto das terapias asistidas con animais, non pode ser substitutiva das terapias convencionais", pero si é como un "complemento eficaz destas". De feito, a investigación realizada demostrou "que os beneficios que achegan os animais incrementan os resultados doutro tipo de tratamentos", motivo polo que na súa tese propón a súa inclusión como tratamento complementario en pacientes de TEA.

[Eduardo Muñiz | Pontevedra - DUVI](#)